

## Pilar García Negro: «Castelao contravén unha cegueira histórica coas mulleres»

[Sandra Faginas](#)

A profesora achega en «Arredor de Castelao» unha visión lúcida de como este autor racha cunha tendencia milenaria dos escritores varóns para darlle protagonismo ás mulleres

04 abr 2025

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2025/04/04/castelao-contraven-unha-cegueira-historica-coas-mulleres/0003\\_202504SF4P4992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/fugas/2025/04/04/castelao-contraven-unha-cegueira-historica-coas-mulleres/0003_202504SF4P4992.htm)

A profesora e escritora [Pilar García Negro](#) (Lugo, 9 de outubro de 1957) vén de reeditar **Arredor de Castelao**, un título co que tamén fai unha homenaxe a Otero Pedraio, grande amigo del, e que constitúe un convite a achegámonos a [Castelao](#) porque, segundo García Negro, «segue dialogando con nós». «É unha canteira moi fértil que nos interpela e do que podemos aínda tirar moitas reflexións e moita mellora humana», apunta a autora, que pon a atención nun aspecto central na súa obra: a forma na que debuxou e observou ás mulleres.

### —Podemos falar dun Castelao feminista?

—Teño bastantes reservas para aplicar o adxectivo *feminista*, porque hoxe está tan *devaluado*! Sempre lembro unha sentenza moi axustada de Xosé Chao Rego, grande escritor, que dicía: «Os homes deixamos de ser machistas teóricos para converternos en masculinistas prácticos». Iso ten moito de verdade. No caso de Castelao hai un mérito indiscutíbel, porque contravén unha tendencia histórica e milenaria de moitos autores varóns sobre as mulleres, que se concentra en dúas palabras: cegueira e xordeira. E o que eu denomino tamén a práctica da ventriloquia. Personaxes femininos na literatura universal hai a esgalla, pero o que proxectan é a fantasía masculina. Fala o ventrílocuo, non elas.

### —Non é o caso de Castelao.

—Non. Porque el salva ese obstáculo, ao igual ca outros autores superlativos doutras literaturas. Lemos *A Celestina*, de Fernando de Rojas, e aí son elas, tanto Celestina como Areúsa quen se expresan e se defenden. Ou Cervantes, no *Quixote*, no famoso *discurso de Marcela*, que é un auténtico manifesto da liberdade, da autonomía de conduta e da non submisión ao desexo masculino.

**—En Galicia existen antecedentes neste aspecto?**

—Si, contamos cunha tradición intelectual que cómpre coñecer. O padre Feixoo, moitos anos antes da Revolución francesa e da famosa declaración dos dereitos da muller, publicou o discurso XVI do seu *Teatro crítico universal*, que é *Discurso en defensa de las mujeres*, así de directo. Cunha defensa rotunda da nosa capacidade intelectual. O seu discípulo, o padre Sarmiento, con toda a clareza vaise referir tamén a que falta por ter escrita a metade da moral porque só a escribiron os homes. E di o mesmo da medicina. Ademais, defende que os oficios non teñen, como diríamos hoxe, marcas de xénero.

**—Castelao é continuador desa tradición apuntando ás mulleres traballadoras.**

—El ten unha sensibilidade particular para ver e escoitar as mulleres traballadoras e das clases populares, que son a inmensa maioría que recolle nas súas viñetas, nas súas estampas, no seus debuxos. Fainas protagonistas. E iso é transversal, porque vémosto en *Cousas da vida*, no *Álbum Nós*, n'*Os álbumes de guerra*, onde hai estampas absolutamente estremecentes con protagonistas femininas. Despois, claro, Castelao é fillo do seu tempo e de todas as circunstancias que marcan o contexto histórico no que viviu. Iso non escurece o que veño de comentar, que é relevante, porque na intelectualidade española coetánea ou máis amplamente contemporánea, hai cousas que caen das mans. Marañón xustifica a inferioridade intelectual feminina e o *fatum* biolóxico. Ortega y Gasset, Unamuno... En fin.

**—Escribes neste libro que as mulleres son a columna vertebral do seu pensamento. Hai unha solidariedade profunda.**

—Si, el ten unha sensibilidade para todas as seccións da sociedade máis castigadas polo infortunio, máis discriminadas, por iso aparecen as mulleres. Iso é fundamental para análise do seu pensamento: os nenos, as persoas vulnerables...

**—Especialmente sensible co racismo.**

—É un clamor o seu explícito antirracismo. O relato de Panchito, en *Cousas*, está escrito nos anos vinte, cando está aumentando de forma exponencial o fascismo en Italia, o nazismo en Alemaña, pero tamén en Francia e no Reino Unido. E xa no digamos en Estados Unidos. Panchito é un emigrante que se cría aquí, mórrelle o amo, cambia de amo, e como tantos outros galegos ten que emigrar. Un racista diría: «Xa está, a vida solucionada, porque volta ao seu ser, á súa terra, a Cuba, onde naceu», pero non, Panchito é un mozo galego, criouse aquí, socializouse aquí e vai responder cheo de saudade e regresará aquí pobre, pero co corazón feliz, por retornar á súa terra: Galiza. Isto non é só un relato, recolle esta idea para pronunciarse contra toda modalidade de racismo. En Cuba e en Nova York chegan a nomealo presidente honorario das Sociedades de Negros de Norteamérica. Iso non é casualidade. Nos *Debuxos de negros* Castelao fai unha épica do traballo e da cultura e da festa desta poboación discriminada.

**—Como ve as mulleres? Son sufridoras, nais, ás veces unha metáfora de Galicia.**

—Eu establezo unha diferenza entre o que aparece, por un lado, nos debuxos, viñetas, estampas, que comunican unha imaxe máis realista. E, por outra banda, o que el nunha pasaxe en *Sempre en Galiza* ensoña. O que para el debería ser unha Galiza do futuro. Aí ten unha visión máis tradicional. Pero estas mostras artísticas, todas as viñetas, falan de por si. Hai unha que me parece deliciosa. Aparecen unha nena e un neno sentadiños cun fondo mariñeiro, populares os dous, pero el querendo ser homiño dille: «Que me dás e son o teu mozo?». E ela dille: «Eu, eu douche unha labazada». [Ri]

—**O dominio da linguaxe, o enxeño popular está presente en todas esas viñetas.**

—Si hai moita agudeza verbal. Outra vantaxe de Castelao é que coñecía moi ben ese ambiente popular da xente da costa. Na beiramar a boa hora poste ti a competir coa labia de moitas mulleres!

—**Arrichadas.**

—Arrichadas e cunha riqueza verbal chea de imaxes [ri]. Logo hai outros retratos en Castelao, como *Os álbumes de guerra*, nos que vemos o sufrimento das mulleres, hoxe que falamos tanto da memoria histórica... En calquera macrorrepresión sabemos que hai un plus de violencia para as mulleres, utilizadas como botín ou escarnio superlativo. Iso aparece nunha estampa que a primeira vez que a vin boteime a chorar. É a suicida [titulada *Denantes morta que aldraxada*]. Cóntoche unha anécdota, porque logo souben polo pediatra que tiñamos miña irmá e mais eu en Lugo, que coincidira con Castelao en Valencia, en fin, os dous médicos, galegos... E alí en Valencia Castelao publicou *Galicía Mártir* e *Atila en Galicía*. E Castelao preguntoulle a este médico: «Pedreira, que lle parece esta viñeta?». E el díxolle: «Castelao, como me pregunta isto? E unha marabilla!». E el respondeulle: «O que vostede diga, como non a vexo».

—**Estaba practicamente cego, non?**

—Dun ollo non vía nada, e doutro, un redondeliño. Entón el imaxinaba a estampa enteira e ía facendo cuadrículas, pequenos anacos para completala toda. Con ese problema de vista, sorprende como consegue condensar todo o terror da muller que se lanza ao baleiro nos ollos. Os ollos son simplemente dous puntinhos, unha cousa minúscula. Pero é cinematográfico, ves a terríbel decisión, pero a valentía de «morro pola miña mao, pero non torturada e violada e matada polos executores, que están detrás na viñeta».

—**Hai outra que di: «Os homes son os que fan as cousas e as mulleres pagámolas».**

—Exactamente. Iso é pura sabedoría popular. Temos que ter en conta que a vestimenta que utiliza Castelao é a da xente popular, son probablemente mulleres analfabetas, pero xa se ve que existe esa conciencia.

—**Noutra viñeta Castelao apunta: «A muller que quixera ser home para poder xurar».**

—É na que se ve a unha muller cun burro, que non se lle ergue, e ela está turrando, turrando del e non pode. Claro que todo isto é un diferencial que cumpriría ter en conta nunha análise ampliada da literatura galega. Porque tamén o podemos observar en escritores como Otero Pedraio ou Eduardo Blanco Amor. Todos teñen personaxes femininas nas que, polo menos, o autor repara, ve e escoita. Iso xa é un valor. Porque o dominante era a xordeira, a cegueira ou o estereotipo.

—**Tamén aparece reflectida en Castelao a explotación sexual.**

—O primeiro relato de *Cousas*, que se titula *A marquesiña*, é increíble. É imposible, na miña opinión, concentrar máis información en menos. Son 66 palabras e o subtexto é riquísimo: hai a decadencia dunha clase, a fidalguía, que se dedica á caza, e á feminina tamén, á explotación sexual e laboral; a vida lacerante, antiinfantil: unha nena con traballo de adulta...

—**Aí está: «O home que casou con Ramona para aforrar unha criada». As mulleres seguen sendo unha forza de traballo non remunerada, como na actualidade: coidadoras da familia e da casa.**

—Aí hai filosofía materialista da institución do matrimonio, que xa deixou escrita un economista inglés no século XIX: «Se eu caso coa miña criada, descende o produto interior bruto do meu país, porque desaparece un pagamento». Como tamén é clara a visión de clase social e de xénero n' *Os Vello non deben de namorarse*. Non se pode comprar todo por ser home e vello. Que queren mercar eles? Os favores sexuais de mulleres ás veces moi necesitadas. Pimpinela vai ao matrimonio co señor Fuco empuxada polos pais para saír da miseria. E nos debuxos de *Cincoenta homes por dez reás* hai 50 mostras de envexábel autocrítica do xénero masculino. Aparece toda unha tipoloxía.

—**Como «O home que casou por amor propio» ou «O home que quixo ser can e xa era porco»!**

—[Risos] Si, aparece todo un desfile de vicios sociais e de inmoralidades perfectamente retratadas. El mesmo di: «Cada un destes homes ou homiños sería protagonista dunha novela».

—**Toda esa sensibilidade necesítase hoxe. Eses temas das mulleres están vixentes: a explotación, o matrimonio, a pobreza...**

—Claro, e se o levamos a como se calcula o produto interior bruto! Se moito do traballo non pago que realizan moitísimas mulleres se cuantificase e se incluíse en orzamentos, non hai orzamento público que o soporte.

—**Castelao segue a ser unha figura que non está ben reivindicada?**

—Desde logo, non como debería. Despois de tantos anos e de estar en centos de actos de moi diferente teor, eu sigo vendo que con Castelao existe o efecto sorpresa. Por que? Porque non se coñece, faltan edicións, falta coñecemento masivo sobre a obra, non temos onde vela... E falta aproximarse e dar a coñecer. Falamos dun primeirísimo, a personalidade galega máis relevante do século XX.